

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2011.

Dando cumprimento ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, procede establecer os prezos dos servizos prestados nos campamentos, albergues, residencias e demais instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, ata agora fixados pola Orde do 18 de febreiro de 2010 (DOG nº 39, do 26 de febreiro), así como establecer os prezos dos diferentes carnés dirixidos á xuventude que se expiden a través dos servizos de xuventude, casas da xuventude, oficinas TIVE e outras entidades colaboradoras.

A Lei 6/2003, dispón no seu artigo 51º que a contía destes se acordará por orde da consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Facenda. Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Os prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, son os que se fixan no anexo I desta orde.

2. Os prezos relativos á expedición do Carné Xove, carnés de alberguista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE recóllense no anexo II.

3. Estes prezos enténdense, se é o caso, co IVE incluído. A xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 52º da Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Artigo 2º

1. Os prezos recollidos no anexo I desta orde serán expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro.

2. Os grupos que usen unha instalación xuvenil terán preferencia para o uso de todas as súas dependencias. Non aboarán suplemento polo uso das pistas polideportivas descubertas, pero terán a obriga de aboar as tarifas establecidas no anexo I desta orde, pola utilización dos polideportivos cubertos ou calquera material dos que alí figuran.

3. Calquera material incluído nesta orde que sexa usado polos grupos devolverase no mesmo estado en que lles foi cedido e reporase ao mesmo lugar en que se atopaba. Así mesmo, serán responsables tanto das

deterioracións que se causen no material coma da responsabilidade civil en que puideren incurrir por posibles danos a terceiros.

Para o emprego do material que pola súa especificidade así o exixa, os grupos deberán contar con persoal especializado e coas titulacións necesarias para a súa utilización.

Os grupos deberán presentar no momento en que vaian facer uso de material que pola súa especialidade así o requira tanto o seguro que cubra a realización da actividade coma a acreditación das titulacións referidas no parágrafo anterior.

Artigo 3º

Os membros de familia que teñan o título de familia numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos relativos ás actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no programa Campaña de Verán.

Para estes efectos, o beneficiario do desconto deberá presentar, xunto coa documentación que proceda en cada caso, unha fotocopia compulsada do título de familia numerosa onde figure.

Artigo 4º

Os usuarios do Carné Xove gozarán en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dun desconto como mínimo do 10% e como máximo do 50%. A porcentaxe de desconto aplicable en cada caso especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se leven a cabo.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 18 de febreiro de 2010 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2010.

Malia o disposto no parágrafo anterior, segue vixente o prezo do servizo (por praza e mes) nas residencias xuvenís para estudantes contido na alínea C do anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2010, durante o curso 2010/2011.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2011.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO I**Prezos relativos á utilización e aos servizos prestados nos campamentos, albergues e residencias xuvenís titularidade da Consellería de Traballo e Benestar**

A. Pola utilización dos campamentos e albergues xuvenís durante a campaña de verán establécense os seguintes prezos por praza:

A.1. En réxime de oferta concertada (dirixida a grupos).

A.1.1. Campamentos:

Tarifa en euros

Por quenda de quince días: 114.

Por quenda de doce días: 92.

Por día: 11.

A.1.2. Albergues e residencias:

Por quincena: 153.

Por día: 16,30.

Estes prezos abranguen os seguintes servizos: o aloxamento, a alimentación en réxime de pensión completa, o uso das instalacións e material de conformidade co establecido no artigo 2º.2 e 2º.3, o consumo de auga, electricidade e combustible, agás o material de actividades específicas de animación.

Aqueles grupos que figuren inscritos no rexistro da Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar como entidades prestadoras de servizos sociais gozarán dun desconto do 50% sobre os prezos deste punto.

A.2. En actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A.2.1. Campamentos:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 168.

Actividades ao aire libre/na natureza, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 143.

Actividades ao aire libre/na natureza, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 82.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 168.

A.2.2. Albergues:

Actividades náuticas (por quenda de doce días): 188.

Actividades ao aire libre/na natureza, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de doce días): 180.

Actividades ao aire libre/na natureza, lúdico-deportivas e culturais (por quenda de 8 días): 92.

Actividades turístico-deportivas (por quenda de doce días): 180.

A.2.3. Campos de traballo:

Ámbito autonómico e nacional (por quenda): 72.

Ámbito internacional (por quenda): 72.

B. Por servizos nos albergues e residencias integrados na Rede Española de Albergues Xuvenís (REAX), establécense os seguintes prezos por persoa:

Servizos	Ata 30 anos	Maiores de 30 anos
Pensión completa	16,50	21,50
Aloxamento	7,50	11,00
Almorzo	2,50	2,50
Xantar ou cea	6,70	6,70

Para facer uso destes servizos deberase posuír o carné de alberguista en calquera das súas modalidades.

C. Servizo nas residencias xuvenís para estudantes (por praza e mes), durante o curso 2011/2012:

Residentes internos: 263.

D. Pola utilización das instalacións recreativo-deportivas:

D.1. Uso de pavillón polideportivo cuberto/hora: 20.

D.2. Uso de pistas polideportivas descubertas/hora: 8.

D.3. Uso de piscina non climatizada/hora: 2,50.

D.4. Uso de material náutico. A gasolina será por conta do solicitante:

Un barco de vela media xornada: 6.

Un barco de vela unha xornada: 11.

Unha embarcación pneumática a motor media xornada: 11.

Unha embarcación pneumática a motor unha xornada: 21.

Unha canoa media xornada: 4.

Unha canoa unha xornada: 7.

E. Polo uso de locais ou salas:

Sen equipamento informático:

Media xornada: 7.

Unha xornada: 11.

Con equipamento informático:

Media xornada: 14.

Unha xornada: 22.

Media xornada é unha mañá ou unha tarde cun máximo de catro horas.

O réxime de pensión completa para grupos xa inclúe o uso das dependencias necesarias para o desenvolvemento do programa.

F. Pola utilización dos campamentos e albergues para actividades recreativas ao aire libre:

F.1. Acampadas (con tendas da entidade): 3 euros/día e persoa.

F.2. Actividades recreativo-culturais en albergues (convivencia):

15 euros/día/grupo de ata 50 usuarios.

22 euros/día/grupo de 51 a 100 usuarios.

37 euros/día/grupo de 101 a 200 usuarios.

71 euros/día/grupo de 201 a 300 usuarios.

ANEXO II

Prezos pola expedición dos diferentes carnés dirixidos á xuventude

Carné xove: 6.

Carné alberguista xove: 5.

Carné alberguista adulto: 12.

Carné alberguista grupo: 15.

Carné alberguista familiar: 24.

Carné alberguista para estranxeiros (completo): 21.

Carné alberguista para estranxeiros (cupón): 3,50.

Carné *teacher* (ITIC): 8.

Carné internacional xove (IYTC): 6.

Carné *student* (ISIC): 6.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 31 de xaneiro de 2011 pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo cal se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios (en diante RDCA), e a teor do establecido nos estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) da Xunta de Galicia (en diante EUDC).

Esta reitoría, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 36º dos EUDC, resolve convocar a concurso as prazas que figuran no anexo I desta resolución, de acordos coas seguintes bases:

Primeira.-*Normas xerais.*

1.1. Este concurso rexeráse pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAPPAC), os EUDC, a normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios aprobada polo Consello de Goberno o 10 de decembro de 2008 e, naquilo que non estiver previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

1.2. Os concursos de acceso terán un procedemento independente para cada praza ou grupo de prazas convocadas.

1.3. O cómputo dos prazos establecidos nesta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 3º da normativa desta universidade pola cal se regulan os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

No cómputo dos prazos o mes de agosto será inhábil para todos os efectos.

Segunda.-*Requisitos das persoas candidatas.*

2.1. Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional daqueles estados a que en virtude de tratados internacionais establecidos pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se define no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o/a cónxuxe e os descendentes e descendentes do/a cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estiveren separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade que vivan á súa conta. Este último beneficio será igualmente de aplicación aos familiares de nacionais doutros estados cando así estea previsto nos tratados internacionais establecidos pola Unión Europea e ratificados por España.

Igualmente, poderán participar os aspirantes de nacionalidade estranxeira non comunitaria, cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4º do RDCA.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar os setenta.